



centro dramático galego

T E M P O R A D A 2 0 0 7 _ 0 8

A temporada da cidadanía

Programación do Salón Teatro:
xuño de 2008

Accións

AccionST

Do 4 ao 7 de xuño

- Mércores 4 e xoves 5

Peep show

NUT TEATRO (Galiza)

A partir das 20.30 h no gardarroupa

Aquí medran flores?

TEATRO D2 (Galiza)

A partir das 20.30 h no ambigú e no balcón

Teatro para comer?

Cea-espectáculo para 26 comensais

TEATRO DELLE ARIETTE (Italia)

Ás 22.00 h no escenario

- Venres 6 e sábado 7

De gaivotas e rancheiras

ROBERTO LEAL & FRIENDS (Galiza)

A partir das 20.30 h na xastrería

Cámara escura

IVÁN MARCOS (Galiza)

A partir das 20.30 h no camerín 2

Teatro para comer?

Cea-espectáculo para 26 comensais

TEATRO DELLE ARIETTE (Italia)

Ás 22.00 h no escenario

Música

Ciclo Novas Músicas

Galiza

Narf e Manecas Costa

Venres 13 ás 22.00 h

Nordestin@s

Venres 20 ás 22.00 h

Carmen Dor

Venres 27 ás 22.00 h

Teatro-Estrea

Bailadela da morte ditosa

TEATRO DE NINGURES

Galiza

Sábado 28 ás 20.30 h e domingo 29 ás 18.00 h

Accións

AcciónST

Do mércores 4 ao sábado 7 a partir das 20.30 h

Prezo: 22 € (cea + 2 accións) | 5 € (3 accións) | 3 € (2 accións)

Baixo o título AcciónST, catro agrupacións artísticas galegas desenvolverán varias execucións en distintas localizacións do Salón Teatro: no gardarroupa, no ambigú e no balcón, na xastrería e no camerín 2. Todas as intervencións terán unha duración aproximada de dez minutos, e faranse tres pases alternados para non máis de quince persoas até as 22.00 horas. Ademais, no escenario os italianos Teatro delle Ariette desenvolverán a cea-espectáculo "Teatro para comer?", para un total de 26 comensais e unha única función diaria de aproximadamente 2 horas de duración.

"Peep show"

NUT TEATRO

Galiza

Mércores 4 e xoves 5 a partir das 20.30 h

Dirección: Carlos Neira**Elenco:** Nerea Barros, Iria Sobrado e Xiana Carracelas, Arantza Villar**Espazo:** no gardarroupa**Duración:** 10 minutos

A compañía Nut Teatro desenvolverá unha especie de Peep show (un tipo de espectáculo sexual que pode ser visto durante un periodo corto de tempo nunha cabina introducindo unha moeda; pasado o tempo o cristal da cabina péchase e requírese outra moeda para continuar vendo o espectáculo). A acción vai acompañada dun recital de diversos fragmentos do libro "O capital" de Karl Marx.

"Aquí medran flores?"

TEATRO D2

Galiza

Mércores 4 e xoves 5 a partir das 20.30 h

Dirección e son: Teresa de la Hera**Iluminación:** David Castro**Elenco:** Diego Freire, Manu Lago e Fran Riveiro**Espazo:** no ambigú e no balcón**Duración:** 10 minutos

Cal é a importancia maior? A que sentimos ao desexar todo aquilo que non podemos conseguir ou a que nos invade ao lembrar todo aquilo que deixamos atrás? Diego, Manu e Fran aceptan con humor a incoherencia das súas vidas. Conseguirán algún día atoparse a si mesmos?

**“Teatro para comer? “**

Cea-espectáculo para 26 comensais

TEATRO DELLE ARIETTE

Italia

Do mércores 4 ao sábado 7 ás 22.00 h

Dirección e autoría: Paola Berselli e
Stefano Pasquini

Elenco: Paola Berselli, Maurizio Ferraresi e
Stefano Pasquini

Espazo: no escenario

Duración: 2 horas

Coa colaboración da Denominación de Orixe
Ribeiro

Sinopse:

O espectáculo “Teatro para comer?” contén unha pregunta: durante o transcurso da función cómese de verdade? Os 26 espectadores están sentados arredor dunha gran mesa, coma nun restaurante. En torno a eles, os actores Paola Berselli, Maurizio Ferraresi e Stefano Pasquini cociñan, fan de camareiros, falan, contan, actúan e o sitio vólvese un restaurante da emoción e da memoria.

O traballo de Ariette está basicamente relacionado coa autobiografía; traballando sobre a súa propia historia tamén o público comeza a mover os seus recordos, as súas vivencias; a comida abre as portas do corazón e ao final a experiencia é total e moi forte.

En palabras da compañía, “En “Teatro para comer?” cómese en serio, cómense as cousas que facemos desde hai dezaioito anos, desde cando comezou a nosa vida de campesiños. Cómense as cousas que cultivamos e transformamos na nosa facenda agrícola, que sacamos das nosas terras. Sentados arredor dunha mesa, preparando e consumindo unha verdadeira comida, contamos á nosa maneira a nosa singular experiencia de campesiños-actores: dezaioito anos de vida no campo e de teatro feito fóra dos teatros”.

A compañía:

Teatro delle Ariette naceu en 1996 creado por Stefano Pasquini, Paola Berselli e Maurizio Ferraresi. Os tres tiveron diferentes experiencias no mundo do teatro mais en 1989 decidiron deixalo todo e mudarse ao campo. Desde aquela e até 1996 traballaron como campesiños cultivando agricultura biolóxica e como cociñeiros nun pequeno restaurante en casa (en italiano chámase “agriturismo”, restaurantes que se montan nunha casa de campo, onde unha parte da comida vén directamente da propia horta).

En 1996 decidiron voltar outra vez ao teatro, pero o único sitio dispoñible polo traballo artístico que levaban a cabo era a súa casa, e así empezou Teatro delle Ariette, relacionándose cun espazo moi pequeno e con moi pouco público, concretamente as persoas que podían caber nunha habitación dunha casa. Un ano despois empezou o proxecto “A teatro nelle case” (“Al teatro en las casas”), un festival con dúas temporadas (outono e primavera) que aínda existe onde os artistas que se relacionan con espazos pequenos poden presentar as súas obras.

En xullo de 2000 naceu “Teatro da mangiare?” (“Teatro para comer?”) no Festival Volterrateatro. Aquí os tres elementos - cultivo, cociña e teatro - xúntanse nun espectáculo que desde a súa estrea ten no seu haber máis de 500 representacións e foi presentado en todos os principais festivais de Italia, Alemaña, Francia, Suíza e España. En 2001 foron nomeados ao Premio UBU, o Oscar do teatro italiano.

En xullo de 2002 estrea “Teatro di terra” producida polo Festival Volterrateatro, onde a compañía segue a súa busca sobre teatro e comida e sobre a relación cunha situación íntima, ritual, cun pequeno grupo de espectadores. Dous anos máis tarde, estrea a montaxe “L’estate fine”, producida por el Festival Santarcangelo dei Teatri e inspirada na obra do artista italiano Pierpaolo Pasolini. “L’estate fine” creouse nun campo agrícola de 6.000 metros cadrados onde a compañía cultivou a escenografía vexetal durante seis meses.

Desde xaneiro de 2006 a compañía está xirando tamén co seu novo traballo “Bestie”, que se estreou en xullo de 2006, coproducido novamente polo Festival Volterrateatro.

“De gaivotas e rancheiras”

ROBERTO LEAL & FRIENDS

Galiza

Venres 6 e sábado 7 a partir das 20.30 h

Dirección: Roberto Leal

Elenco: Anabell Gago e Olivia Collins

Espazo: na xastrería

Duración: 10 minutos

Tomando a novela de Chejov “A Gaivota” como punto de partida, esta acción reflexiona sobre a vida e as experiencias de dúas mulleres: Anabell Gago, unha actriz nova e galega, e Olivia Collins, unha actriz mexicana, madura, cunha traxectoria consolidada no eido do cine, da televisión, da música... As rancheiras, símbolo de loita e de enerxía, están presentes como música de fondo na conversa destas dúas mulleres loitadoras, que seguen adiante coa súa carreira profesional.

“Cámara escura”

IVÁN MARCOS

Galiza

Venres 6 e sábado 7 a partir das 20.30 h

Autoría, dirección e interpretación: Iván Marcos

Espazo: no camerín número 2

O camerín é por natureza un lugar de transición. Unha persoa non entra neste espazo para estar, pero se cadra, si para deixar de ser.

Facendo uso dunha rica linguaxe visual e sonoras, “Cámara escura” explorará a natureza do camerín como lugar de transición, como espazo para a transformación e o cuestionamento da identidade. Un lugar ao que se entra, do que se sae e ao que se volve. Se todo vai ben.

Nesta acción, o camerín 2 - situado debaixo do escenario do Salón Teatro - será cuberto por memorias, por marcas e por pegadas, converténdose nun pequeno espazo-museo, unha sala sepulcral, aberta, viva e en continuo cambio habitada polo actor, bailarín e creador Iván Marcos.

Música

Ciclo Novas Músicas

Prezo: 10 €

Narf e Manecas Costa

Venres 13 ás 22.00 h



O espectáculo “Aló irmão” é a nova aventura musical de Fran Pérez Narf co gran guitarrista e cantante africano Manecas Costa. Dous “cancionistas” que se xuntan para atopar o punto equidistante entre dúas personalidades de profunda identidade, e tender novas pontes entre dous universos culturais destinados a entenderse.

Dúas voces e dúas guitarras, son todo o que Narf e Manecas Costa necesitan para establecer un diálogo emotivo e musical, froito da mutua admiración, do respecto e do talento.

O resultado é este espectáculo intimista, cheo de forza e de intensidade, no que escoitaremos as cancións en estado puro, algunhas delas compostas en conxunto polos dous artistas, especialmente para a ocasión. Que pode xurdir da xuntanza dun galego inclasificable e dun africano xenial nun desafío sen rede?

“Aló, irmão: ónde é que nos imos atopar?”

Nordestin@s

Venres 20 ás 22.00 h



Nordestin@s é a ollada contemporánea á tradición mariñeira de tres dos músicos máis relevantes da nova escena galega: Abe Rábade, Guadi Galego (Berrogüetto, Espido) e Ugia Pedreira (Chouteira, Marful).

Neste proxecto musical, as voces de Guadi Galego e Ugia Pedreira modelan o repertorio mariñeiro do Norte, achegándose á súa infancia, á música popular que lle transmitiron os seus pais, xuntándoa coas súas propias composicións que tamén miran ao mar. Ao mar do Norte. Todo vai envolto coas harmonías contemporáneas, a elegancia e o talento dun dos mellores músicos de jazz da península, o lucense Abe Rábade.

Nordestin@s recibiu en outubro de 2007 o VI Premio Opinión de Música Folk, o máis importante cartame de música galega.

Carmen Dor

Venres 27 ás 22.00 h



Despois de cinco anos de numerosos directos versionando músicas portuguesas, bossa nova e continuando a súa formación no eido do canto lírico baixo o nome artístico de Carmen Dor, reaparece cun novo traballo que rompe absolutamente co feito pola artista até o momento: “Dora Maar 74”

Ritmos de tango, funky e bolero con evidentes texturas jazzísticas crean unha estética suxerinte e fresca, talvez a maior transparencia e fidelidade a si mesma que Carmen Dor acadou. Cantar abrindo os pulmóns, non disfrazar a dor, resucitando a forza apaixonada dunha fotógrafa surrealista cega de amor: Dora Maar.

“Dora Maar 74” está interpretado por Alfredo Susavila ao piano, Pachi Cruz ao contrabaixo, Carlos Bastón á batería e Carmen Dor coa súa voz.

Teatro - Estrea

Bailadela da morte ditosa **TEATRO DE NINGURES (Galiza)**

Sábado 28 ás 20.30 h e domingo 29 ás 18.00 h

Prezo: 10 € | Domingo (día do espectador): 5 €



Autoría: Roberto Vidal Bolaño

Dirección: Etelvino Vázquez

Elenco: Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador Del Río e Casilda García

Premio Abrente (Ribadavia, 1980)

Sinopse:

“Bailadela da morte ditosa” preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado.

E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, uns personaxes trazados con gran profundidade e un achegamento ao tema a morte buscada, a “ditosa” sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou na nosa cultura e desde o noso imaxinario. E cando sae o sol, os mortos resucitan, pois na encrucillada única de cada representación, sempre quedan os actores.

A compañía:

Despois de máis de vinte anos de actividade teatral profesional, Teatro de Ningures (fundada en 1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galiza e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego.

Ao longo desta traxectoria levou aos escenarios máis de vinte montaxes teatrais, tanto de autores clásicos como contemporáneos, autores galegos como extranxeiros, así como versións/adaptacións de novelas, coa finalidade de contribuír así ao enriquecemento de teatro galego. As últimas producións que desenvolveron son “Emigrados” (2007), “Misericordia” de Benito Pérez Galdós (2006), “Tartufo” de Molière (2005), “Troianas de Eurípedes” (2004) e “Círculo”, sobre a novela de Suso de Toro (2003).

É tamén a compañía galega na que sistematicamente vén realizando o seu traballo artístico un profesional de talla internacional como é o director Etelvino Vázquez, consolidando un equipo de traballo estable, que posibilita a creación dunha liña artística coherente, profundizando no traballo de grupo como unha vía posible para a creación dun estilo de traballo e dun estilo artístico recoñecible.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais



SALONTEATRO



TEATRO GALEGO